

## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE CONVOCATORIA SELECTIVA PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICO/AS I BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE PROXECTOS ESPECÍFICOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN DE I+D+I DIRIXIDAS A CONSERVACIÓN E MELLORA DOS RECURSOS XENÉTICOS DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2015-2018.

Xenética Fontao, S.A. é unha sociedade mercantil pública autonómica, coa forma de sociedade anónima e cunha participación maioritaria no capital social da entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural e do Mar Fondo Galego de Garantía Agraria. Os estatutos da citada sociedade publicáronse mediante Resolución do 6 de outubro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A., autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 11 de setembro de 2014 (*Diario Oficial de Galicia*, número 213, do 6 de novembro).

Nos citados estatutos se establece que corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

En materia de persoal, a sociedade rexerese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Polo que, en virtude das facultades previstas nos Estatutos da sociedade, e dando cumprimento ao acordo do Consello de Administración da sociedade Xenética Fontao, S.A., a presidenta do Consello de Administración,



## **RESOLVE:**

Convocar o proceso selectivo para a contratación temporal de dous/dúas titulados/as superiores Veterinarios/as/Biólogos/as (Técnico I), con especialización na caracterización xenética molecular mediante as técnicas dos microsátélites e chips de SNPs aplicada a especie bovina, para participar no desenvolvemento do PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA A MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2015-2018.

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

O obxecto do proceso selectivo é a selección e contratación por Xenética Fontao, S.A. de dous/dúas titulado/as superiores, licenciado ou equivalente en bioloxía ou veterinaria con especialización en caracterización xenética molecular mediante as técnicas dos microsátélites e chips de SNPs na especie bovina co obxectivo de participar no desenvolvemento do proxecto PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA A MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2015-2018

Persoal a contratar:

Dous/dúas (2) técnicos I especialistas nas técnicas dos microsátélites e chips de SNPs aplicada a especies bovina.

#### **Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación**

A presente convocatoria publicarase no D.O.G., axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015 do empregos público de Galicia (art. 58) e demais normativa concordante.

A dita contratación revestirá a modalidade contractual para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica regulado na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo

Páxina 2 de 20



Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será completa. O posto de traballo estará situado na sede do Laboratorio de Xenética Molecular de Xenética Fontao, S.A en Esperante (Lugo). Deberanse realizar os desprazamentos necesarios derivados do plan de actuación do proxecto.

### **Terceira.- Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia estimada dos contratos será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 de acordo coas actividades a desenvolver previstas proxecto de investigación para a mellora xenética do gando frisón de Galicia no período 2015-2018.

Para os/as candidatos/as seleccionados/as, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba dun (1) mes, de conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

### **Cuarta.- Tarefas a desempeñar**

As actividades a desenvolver son as seguintes:

Proceso selectivo do Técnico I especialistas nas técnicas dos microsatélites e chips de SNPs aplicada a especies bovina.

- Xestión e supervisión do almacenamento e procesado dos diferentes tipos de mostras biolóxicas de orixe animal empregadas para as análises de ADN.
- Xestión e supervisión de métodos de extracción do ADN a partir de mostras de orixe animal: sangue enteiro, soro, seme, raíces de pelo e tecido muscular.
- Xestión e supervisión de Amplificación múltiple de secuencias de ADN tipo microsatélite empregando a técnica da Reacción en Cadea da Polimerasa (PCR).
- Xestión e supervisión da Electroforese de fragmentos de ADN en xeles de agarosa e electroforese de fragmentos de ADN marcados por fluorescencia nun analizador xenético capilar.



- Análise dos polimorfismos dos marcadores microsatélite mediante o emprego de Software específico de xenotipado.
- Xenotipado de marcadores microsatélite de bovino, adaptados á nomenclatura empregada pola I.S.A.G. (Sociedade Internacional para a Xenética Animal).
- Xenotipado de chips de SNPs (Single Nucleotide Polymorphisms).
- Interpretación de resultados e emisión de Informes das análises de ADN.

As devanditas tarefas e accións teñen autonomía e substantividade propia dentro da actividade de Xenética Fontao, S.A.

#### **Quinta.- Requisitos xerais**

Os/as aspirantes deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estado membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de extranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



- d) **Habilitación:** non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

### **Sexta.- Requisitos específicos**

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión dos seguintes requisitos:

- a) **Titulación requirida:** Licenciado/a en Bioloxía, Veterinaria ou grado en bioloxía ou veterinaria. Os aspirantes con titulacións obtidas no extranxeir deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requerimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.
- b) **Coñecementos en caracterización xenética molecular do ADN,** mediante as técnicas dos microsatélites e chips de SNPs aplicada a especies bovina, acreditados ao menos mediante algunha das seguintes opcións:
- Posesión dun máster universitario de caracterización en xenética molecular en gando bovino mediante as técnicas dos microsatélites e chips de SNPs como marcadores moleculares.
  - Doutoramento na dita temática.
  - Traballo desenvolvido durante ao menos dous anos como titulado superior na caracterización xenética molecular en gando bovino mediante as técnicas de bioloxía molecular de microsatélites e chips de SNPs.
- c) **Coñecemento do idioma galego** acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba se regula no anexo I destas bases.



- d) Estar en posesión do carné de conducir (B).
- e) Disponibilidade para desprazarse polo territorio nacional e o estranxeiro.

### Sétima .- Solicitudes e prazo

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura anexa para o proceso selectivo (Anexo II) a estas bases no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

As instancias, dirixidas á Dirección-Xerencia de Xenética Fontao S.A., sito no Lugar de Esperante s/n (Lugo) ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 de 13 de abril.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

### Oitava.- Documentación a presentar

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do DNI.
- b) Currículo.
- c) Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente.
- d) Copia cotexada do título universitario esixido no que se indique a cualificación final do mesmo. No caso de non estar indicada no título dita cualificación, presentarase tamén a copia cotexada do documento oficial onde apareza.
- e) Copia cotexada do expediente académico completo dun máster de caracterización en xenética molecular en gando bovino mediante as técnicas dos microsatélites e chips de



- SNPs como marcadores moleculares ou do certificado do título de doutor na mesma temática con indicación da súa cualificación final.
- f) Copia cotexada dos certificados ou diplomas dos cursos realizados en temas relacionados coas tarefas a realizar descritas na base cuarta deste proceso selectivo, con especificación da súa duración en horas.
  - g) Copia cotexada do carné de conducir (B).
  - h) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
  - i) Copia cotexada dos contratos de traballo e especificamente dos que tiveran como obxectivo a caracterización xenética de especies animais incluíndo a técnica dos microsátélites e chips de SNPs na especie bovina .
  - j) Copia cotexada dos certificados de participación en proxectos de investigación relacionados coa caracterización xenética de especies animais incluíndo a técnica dos microsátélites e chips de SNPs na especie bovina.
  - k) Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma inglés.
  - l) Copia cotexada das publicacións onde figuren os autores ou documento acreditativo da súa aceptación para publicación. No caso de comunicacións orais, documento acreditativo da presentación das mesmas.
  - m) Copia cotexada da adxudicación de bolsas de formación ou dos certificados das prácticas de formación relacionados coa caracterización xenética incluíndo a técnica dos microsátélites e chips de SNPs na especie bovina.

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada por Xenética Fontao S.A. e a cotexada por outras administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarse en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.



Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 982-284391-2013, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

## **Novena.- Procedemento de selección**

O sistema de selección será o concurso.

### **1.- Comisión de Selección**

Para a selección dos/as candidatos/as, constituirase unha comisión de selección designada polo Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A., que estará formada, en virtude do principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia, por un/unha presidente/a, dous vogais e un/unha secretario/a. Na comisión poderán participar expertos externos que axuden na cualificación dos candidatos/as nos distintos coñecementos e habilidades requiridas.

Respecto á válida constitución e adopción de acordos da Comisión de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros da Comisión de selección estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no artigo 28 da Lei 30/1192, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os membros da Comisión de Selección deberán estar en posesión de titulación igual ou superior nivel de titulación requerida para o procedemento de selección. A Comisión de Selección non se poderá constituir, nin actuar sen a presenza dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría simple dos membros presentes no momento da votación. No caso de empate, o Presidente terá o voto de calidade.





Os interesados/as poderán promover a recusación en calquera momento da tramitación do proceso de selección en virtude do disposto no artigo 29 da Lei 30/1192, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **2.- Funcións da Comisión de Selección**

Son funcións da Comisión de Selección:

- a) Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles as cualificacións ós aspirantes segundo as normas da presente convocatoria.
- b) Formalizar mediante actas todo o proceso selectivo e o resultado final, que se remitirá ó órgano de contratación.
- c) Interpretar o contido destas bases e resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- d) Propor á dirección de XENÉTICA FONTAO, S.A. os candidatos/as que obtiveron maior puntuación a efectos de contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección de Xenética Fontao, S.A. con enderezo en Fontao-Esperante (Lugo).

### **Décima.- Lista de admitidos**

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na páxina web: ([www.xeneticafontao.com](http://www.xeneticafontao.com)) e no taboleiro de anuncios da sociedade, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte a publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.



A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no prazo máximo de tres (3) días hábiles posteriores á finalización do prazo de emenda.

## **Undécima .- Proceso de selección**

### **SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICO/AS I ESPECIALISTAS NAS TÉCNICAS DOS MICROSATÉLITES E CHIPS DE SNPs APLICADA A ESPECIES BOVINA.**

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

#### **1ª fase: Baremo de méritos (máximo 90 puntos):**

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación que corresponda nese apartado e de seguido aplicarase un prorrateo para a asignación da puntuación dos seguintes candidatos/as. Neste caso o sistema de cómputo basearase nunha regra de tres, de xeito que a puntuación máxima do mellor candidato/a corresponderase coa puntuación máxima do apartado, e a dos sucesivos candidatos quedará ponderada pola devandita regra de tres.

#### **1. Formación (máximo 30 puntos):**

**A.** Cualificacións académicas para a obtención do título universitario de licenciado/a en Bioloxía ou Veterinaria ou equivalente (máximo 10 puntos).

- |                     |           |
|---------------------|-----------|
| - Aprobado (5-6,99) | 5 puntos  |
| - Notable (7-8,99)  | 7 puntos  |
| - Sobresaínte (> 9) | 10 puntos |

**B.** Cualificacións obtidas en másters ou doutoramento relacionados coa caracterización en xenética molecular mediante as técnicas dos microsateélites e chips de SNPs na especie bovina (máximo 10 puntos)

- |   |           |
|---|-----------|
| - Apto na tese ou aprobado/notable no máster        | 5 puntos  |
| - Apto "cum laude" na tese ou sobresaínte no máster | 10 puntos |



**C.** Cursos de formación realizados en temas relacionados con laboratorios, técnicas biolóxicas, ou estatística aplicada á xenética molecular (máximo 10 puntos).

- Entre 10-29 horas: 0,2 puntos
- Entre 30-79 horas: 0,5 puntos
- Entre 80-99 horas: 1,0 puntos
- 100 ou máis horas: 1,5 puntos

Os méritos alegados só poderán ser computados nun único apartado.

## **2. Experiencia profesional (máximo 55 puntos)**

**A.** Contratos de titulado superior realizando funcións de caracterización en xenética molecular mediante as técnicas dos microsatélites e chips de SNPs en bovino (máximo 40 puntos)

- Para a Xunta de Galicia: 2 puntos/mes
- Para outras Administracións Públicas: 1 puntos/mes
- Para Empresas privadas: 0,75 puntos/mes

Os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade, de xeito que a puntuación máxima corresponderase coa xornada laboral de 40 horas/semanais(160 horas/mes) e a puntuación dos contratos a tempo parcial quedará ponderada por unha regra de tres segundo o criterio de proporcionalidade previsto nesta 1ª fase para a ponderación de puntuacións que excedan os maximos.

**B.** Bolsas e prácticas de formación de persoal investigador relacionados coa caracterización en xenética molecular mediante as técnicas dos microsatélites e chips de SNPs en bovino (máximo 5 puntos)

- Da Xunta de Galicia: 0,5 puntos/mes
- Doutrous Organismos Públicos: 0,3 puntos/mes
- De empresas privadas: 0,2 puntos/mes



C. Participación en proxectos de investigación de convocatorias públicas (autonómica, nacional ou internacional) relacionados coa caracterización en xenética molecular mediante as técnicas dos microsátélites e chips de SNPs en bovino (máximo 5 puntos)

- De convocatorias autonómicas: 3 puntos
- De convocatorias nacionais: 5 puntos
- De convocatorias europeas: 7 puntos

D. Publicacións e comunicacións no campo da xenética molecular mediante as técnicas dos microsátélites e chips de SNPs en bovino (máximo 5 puntos)

- Artigos publicados en revistas de impacto: 3 puntos/artigos
- Artigos publicados noutras revistas, libros ou capítulos de libros: 2 puntos/artigo, libro ou capítulo
- Comunicacións orais en congresos: 1 punto/comunicación
- Publicacións divulgativas e informes relevantes: 0,5 puntos/publicación ou informe

Os méritos alegados só poderán ser computados nun único apartado.

### 3. Coñecemento do idioma inglés (máximo 5 puntos).

Valórase o coñecemento do idioma Inglés con preferencia sobre outros idiomas en base a que permite unha maior interlocución con outros investigadores de ámbito internacional e o coñecemento de traballos de investigación relacionados coa materia obxecto de publicacións internacionais (índices SCI, JRC, ISI).

Tómase como referencia ó MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa) e o RD 1629/2006 (BOE do 4 de xaneiro de 2007).

- Polo nivel básico A2: 1 punto.

Equivalente a:



- Nivel básico, 1º e 2º curso de nivel básico, 1º e 2º curso do ciclo elemental da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006, RD 944/2003 e RD 967/1988, respectivamente
- University of Cambridge ESOL examinations: Key English Test (KET).
- Trinity College London: Integrated Skills in English 0 (ISE 0).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 3.0: 1 punto

- Polo nivel usuario independente B1 (Umbral): 2 puntos.

Equivalente a:

- Nivel intermedio (B1) e Certificado de nivel intermedio, 3º do ciclo elemental e certificación académica de dicho ciclo da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: Preliminary English Test (PET).
- Trinity College London: Integrated Skills in English 1 (ISE 1).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 4.0

- Polo nivel usuario independente B2 (Avanzado): 3 puntos

Equivalente a:

- Nivel avanzado (B2), 2º curso do ciclo superior da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: First Certificate in English (FCE).
- Trinity College London: Integrated Skills in English II (ISE II).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 5.5
- Título de Bacharelato Internacional
- Obtención do Título de bacharelato nun país co inglés como lingua de ensino

- Polo nivel usuario competente C1 (Dominio Operativo Eficaz): 4 puntos



Equivalente a:

- Certificado de nivel avanzado, Certificado de aptitude da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
  - University of Cambridge ESOL examinations: Certificate in Advanced English (CAE).
  - Trinity College London: Integrated Skills in English III (ISE III).
  - British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 6.5
- Polo nivel usuario competente C2 (Mestría): 5 puntos

Equivalente a:

- University of Cambridge ESOL examinations: Certificate of Proficiency in English (CPE).
- Trinity College London: Integrated Skills in English IV (ISE IV).
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 8.0

### Publicación da valoración de méritos

A valoración de méritos publicarase no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na súa páxina web. Contra ela poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará a lista definitiva coas puntuacións respectivas no prazo de dous (2) días hábiles.

### 2ª fase.- Entrevista (máximo 10 puntos):

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista, profesional e regrada, que realizará a Comisión de Selección aos 10 mellores candidatos que obtiveran polo menos 30 puntos na primeira fase, co obxectivo de determinar a súa aptitude e experiencia no



desenvolvemento do posto de traballo. A súa duración non excederá de 25 minutos e versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo que figuran neste proceso selectivo da base 4ª e sobre as materias relacionadas no apartado correspondente do anexo III das presentes bases.

Á puntuación que obteñan os aspirantes na entrevista sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos, respectivamente, resultando elixido o/a aspirante que teña a maior puntuación global.

#### **Duodécima.- Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo**

Rematada a proba, a Comisión de Selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación.

#### **Décimo terceira.- Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo**

O resultado do proceso selectivo determinarase pola suma das puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de baremo de méritos e na fase da entrevista. O resultado do proceso selectivo publicarase no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na páxina web por orde decrecente de puntuación.

#### **Décimo cuarta.- Criterios de desempate**

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola Resolución da consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2015, DOG número 28, de 11 de febreiro, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma.



No caso de persistencia do empate unha vez aplicados os criterios anteriores, este resolverase mediante un sorteo entre os implicados.

#### **Décimo quinta.- Resolución da convocatoria**

A Comisión de Selección propondrá o candidato/a ao Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A. que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Sociedade. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, a correspondente oficina de emprego.

O/A candidato/a seleccionado deberán aceptar o posto no prazo de dous (2) días hábiles contados dende o día seguinte o da publicación da Resolución do Consello na páxina web da sociedade e, en caso de non aceptación, procederáse ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.

#### **Décimo sexta- Lista de suplentes**

Os candidatos/as que obtiveran unha puntuación igual o superior a trinta (30) puntos no proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de suplentes, ad hoc, que se fará pública coa lista definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación. A vixencia da lista coincidirá coa duración do servizo a desenvolver na presente contratación.

#### **Décimo sétima.- Datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas de XENÉTICA FONTAO, S.A. en Esperante, Lugo, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

#### **Décimo oitava .- Recursos**





Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

#### **Décimo novena.- Órgano de contratación**

Corresponde ao Consello de Administración da sociedade (artigo 20g) aprobar o cadro de persoal e determinar os seus deberes, atribucións e incompatibilidades, así como autorizar as correspondentes contratacións, por proposta do presidente do Consello de Administración, e de acordo coa normativa aplicable e cos informes previos e favorables dos órganos directivos da Administración autonómica competentes en materia de función pública e orzamentos.

#### **Vixésima.- Disposición final**

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Lugo,

A presidenta do Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A.

Patricia Ulloa Alonso



## ANEXO I

### PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sétima da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

O finaliza-lo exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios de XENÉTICA FONTAO, S.A. e na páxina web de XENÉTICA FONTAO, S.A..

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.



## ANEXO II

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DUAS TÉCNICOS I ESPECIALISTA EN XENÉTICA MOLECULAR APLICADA A ESPECIES ANIMAIS

Apelidos:.....  
Nome:..... NIF:.....  
Enderezo:.....  
Localidade:..... Provincia:.....  
Código Postal:..... Teléfono:..... E-mail:.....  
Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....  
Nº de afiliación á Seguridade social:.....  
Titulación .....

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en XENÉTICA FONTAO, S.A. e ao tratamento dos mesmos.

#### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia cotexada do D.N.I
- Currículo
- Copia cotexada do título Celga 4 ou equivalente
- Copia cotexada do expediente universitario
- Copia cotexada do expediente do Máster Universitario ou título de doutor
- Copia cotexada dos certificados de cursos realizados
- Copia cotexada do carné de conducir (categoría B)
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia cotexada dos contratos de traballo
- Copia cotexada dos certificados de participación en proxectos de I+D+i
- Copia cotexada dos certificados de coñecemento do idioma inglés
- Copia cotexada das publicacións e documentos acreditativos da presentación de comunicacións orais
- Copia cotexada da adxudicación de bolsas de formación e das prácticas de formación

Fago constar que a presente documentación consta de \_ folios, numerados correlativamente do 1 ao \_

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:.....



### ANEXO III

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A ENTREVISTA PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/AS I ESPECIALISTAS NAS TÉCNICAS DOS MICROSATÉLITES E CHIPS DE SNPS APLICADA A ESPECIES BOVINA.

- 1.- Procedemento da extracción do ADN.
- 2.- Métodos e técnicas de cuantificación do ADN.
- 3.- Marcadores moleculares: Microsatélites. Reacción en cadea da polimerasa (PCR)
- 4.- Técnicas electroforéticas utilizadas na análise de microsatélites
- 5.- Manexo de programas informáticos para a análise dos microsatélites.

